



DESTACADOS

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación pon en marcha o Sistema estatal de información do comercio de madeira en España, “Lignum”.

MAPA, 26/11/2018 - [LIGAZÓN Á NOTICIA](#)

A Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural do MAPA aproba o novo Plan Nacional de control da legalidade da madeira comercializada.

MAPA, 08/10/2018 - [LIGAZÓN Á NOTICIA](#)

España participa na conferencia mundial sobre delincuencia forestal.

MAPA, 10/09/2018 - [LIGAZÓN Á NOTICIA](#)
INTERPOL, 10/09/2018 - [LIGAZÓN Á NOTICIA](#)

MAPA, 26/09/2018



Campaña 2019 de presentación de declaracións responsables sobre a madeira comercializada

Desde o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2019, os axentes EUTR poden presentar a declaración responsable 2018 a través da aplicación informática “EUTR”, gratuíta e en liña que, como o ano pasado, facilita a aplicación da normativa española e europea sobre a legalidade da comercialización de madeira e os seus produtos.

Os propietarios forestais, rematantes ou empresas importadoras deben presentar, antes do 31 de marzo, unha declaración responsable coa información dos produtos de madeira que comercializaron o ano anterior fronte á autoridade competente autonómica onde teñan o seu domicilio ou sede social.

Para esa presentación está dispoñible a aplicación informática en liña EUTR <https://servicio.mapama.gob.es/eutr/>.



NOTICIAS

EFI-FLEGT, 19/10/2018



A Unión Europea e Vietnam asinan un Acordo de asociación voluntaria FLEGT para combater o corte ilegal e promover o comercio de madeira legal


[LIGAZÓN Á NOTICIA](#)

COM, 05/10/2018



A Comisión Europea adopta o Informe 2017 de EUTR

[LIGAZÓN Á NOTICIA](#)



Importacións de risco

Mantense o risco alto de importación de madeira ilegal de teca aproveitada en Myanmar e de madeira de ipé de Brasil.

Nas reunións celebradas o 27 de setembro e o 7 de decembro de 2018, o **Grupo de Expertos FLEGT e EUTR da Unión Europea** mantivo a súa opinión sobre as importacións de madeira de teca de Myanmar aproveitadas antes de 2017: non é posible por parte dos axentes mitigar adecuadamente o risco de corte ilegal. Ningunha das garantías, probas e evidencias recibidas polas autoridades competentes dos Estados Membros resultaron suficientes para demostrar o adecuado cumprimento das obrigacións de dilixencia debida do Regulamento EUTR.

Neste sentido, a Autoridade Competente Alemá, a Oficina Federal de Agricultura e Alimentación (BLE), publicou o 13 de xuño de 2018 un **comunicado de prensa** sobre o alto risco das importacións de teca procedentes de Myanmar. Este comunicado resalta que debido á combinación dunha alta taxa de deforestación e un alto nivel de corrupción neste país, o risco de introducir madeira ou produtos de madeira extraídos ilegalmente na UE non é irrelevante para os axentes.

Así mesmo, na reunión do 7 de decembro de 2018, o **Grupo de Expertos FLEGT e EUTR da Unión Europea** adoptou as conclusións sobre Brasil.

Na reunión precisouse que existe unha sobreestimación nos volumes de madeiras valiosas dispoñibles para corta, sobre todo en madeira de ipé (*Tabebuia impetiginosa* e *T. serratifolia*), pero tamén doutras madeiras como Massuranduba e Angelim vermelho, que se dá, en particular, en concesións preto de áreas protexidas. Isto agrávase polo alto risco de corrupción e polos vínculos cos delitos que se cometen contra os dereitos dos indíxenas e en situacións de traballo de semiescravidade.


Estes casos danse sobre todo na conca brasileira do Amazonas, nos estados de Rondonia, Pará, Mato Grosso e de Amazonas.

Por iso, os Axentes que importen madeira da Amazona brasileira deben tomar medidas de mitigación de riscos apropiadas, non baseando o resultado das súas análises de risco unicamente en controis documentais senón en verificacións baseadas en feitos realizadas por terceiras partes.

Difícil situación en Ucraína

Dous estudos independentes puxeron en evidencia a magnitude da corrupción e a ilegalidade no sector forestal de Ucraína, que se expuxo por primeira vez nun informe de **EarthSight** en xullo de 2018.

O país reforzou a loita contra o corte ilegal en 2017 e 2018, e a Unión Europea está cooperando con eles no marco da reforma do seu sector forestal. Porén, ata que se consiga mellorar esta situación, recoméndase aos Axentes mellorar as análises de risco e a súa mitigación nas comercializacións con madeira procedente deste país.





Traballando para cumprir coa #maderalegal

O MAPA traballa en diferentes niveis co fin de optimizar a efectividade da norma e garantir o respecto das normas forestais, comerciais e sociais asociadas ao consumo de madeira.

Coordinación Internacional

- ▶ **Grupo de expertos de FLEGT/EUTR da Comisión Europea.** *Bruxelas, 27 de setembro e 7 de decembro 2018.* Reunións da Comisión cos 28 Estados Membros co fin de unificar criterios de aplicación do regulamento FLEGT e EUTR no seo da UE. ([Ver](#) información sobre as reunións do grupo).
- ▶ **Seminario técnico UE-Indonesia sobre a implantación do Acordo de Asociación Voluntaria FLEGT.** *Bruxelas, 13 novembro 2018.* Intercambio de experiencias na implantación do sistema de licencias FLEGT de Indonesia e a súa recepción en Europa.
- ▶ **Proceso internacional TREE (Timber Regulation Enforcement Exchange).** *Hamburgo (Alemaña), 11-12 outubro de 2018.* Analizando a evolución dos últimos 5 anos desde o lanzamento do Regulamento EUTR da Unión Europea.
- ▶ **Conferencia mundial sobre delincuencia forestal.** *Lyon, 10 de setembro de 2018.* Explorando formas de impulsar a seguridade forestal mundial mediante a innovación tecnolóxica e unha maior cooperación policial internacional.

Coordinación nacional

- ▶ **Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural do MAPA.** *Madrid, 8 de outubro de 2018.* Aprobación do novo Plan Nacional de control da legalidade da madeira comercializada.



Comunicando para cumprir coa #maderalegal

Participamos e impulsamos diferentes cursos para comunicar as obrigacións no EUTR


- ▶ **Lexislación, control e inspección fitosanitaria: harmonización de procedementos.** En liña, o 21 de novembro de 2018 presentouse o Sistema de Licencias FLEGT: Actividades de Control e Principios da Identificación de madeiras en envíos comerciais.
- ▶ **Xornada de Implantación do Regulamento EUTR en España para o SEPRONA. MAPA e Garda Civil.** Madrid, 26 de setembro de 2018. Formación para a Garda Civil para a campaña de inspeccións EUTR que se realizará a principios de 2019.
- ▶ **Curso Sostibilidade e legalidade dos produtos forestais, Regulamento EUTR. A certificación forestal PEFC nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. PEFC España dentro do Proxecto Innova Verde.** Madrid, 12 de decembro de 2018. Participación MAPA. Coñecer a normativa EUTR e o papel da certificación forestal para asegurar a legalidade, sostibilidade e rastreabilidade da madeira.



Boletins de noticias internacionais sobre EUTR

** O contido destes boletíns reflicta a opinión dos seus autores. O MAPA non é responsable do uso que poda facerse da información que conteñen.*

- ▶ **Notas Informativas de la Unión Europea**
xuño Agosto 2018 – [Ver boletín](#)
Septembro 2018 - Outubro 2018 - [Ver boletín](#)
- ▶ **Noticias EUTR**
Client Earth, xuño-Outubro 2018 – [Ver boletín](#)



¿Dúbdas sobre a implantación dos regulamentos #FLEGT ou #EUTR? O @mapagob pon en marcha #LIGNUM, o Sistema estatal de información do comercio da madeira en #España #maderalegal

<https://twitter.com/mapagob/status/1068865811442540545>



Máis información

https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/politica-forestal/Madera_Legal_FLEGT_EUTR/

“Se desexa subscribirse ao Boletín Noticias Madera Legal e recibir información do MAPA sobre a implantación da normativa sobre o comercio da madeira en España, **pode solicitalo premendo aquí: ALTA BOLETÍN**. Se non lle funciona a ligazón, pode mandar un correo cos seus datos de contacto a maderalegal@mapama.es co asunto: “Alta boletín de la madera”.

Información sobre la política de protección de datos personales [aquí](#)”